



Concello de Oia

DECRETO: Convocatoria Pleno ordinario.

Tendo en conta o acordo plenario adoptado en sesión extraordinaria de 27 de xuño de 2015, no que se establece a periodicidade mensual das sesións ordinarias do Pleno da Corporación que terán lugar o *ultimo ultimo xoves do mes, ás 20.00 horas, durante a tempada de verán, e ás 17.00 horas durante a tempada de inverno.*

Asistido pola Secretaria e de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, en relación cos artigos 78.2, 80 e 82 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado mediante RD 2568/86 do 28 de novembro, e en virtude do establecido no artigo 47.2 do mesmo corpo legal, esta Alcaldía-Presidencia **RESOLVE:**

PRIMEIRO: Convocar a **Sesión ordinaria do Pleno Corporativo a celebrar o día 27 de agosto de 2015, ás 20.00 horas** no salón de sesións do Concello, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o *quorum* esixido na primeira, coa seguinte

ORDE DO DIA

1.-Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, acta nº 9/2015 da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do pasado 30.07.2015.

2.- Dación de conta dos informes de intervención emitidos para rendir información ao Ministerio de Hacienda:

- Periodo medio de pago a 30.06.2015.
- Execución trimestral do presuposto a 30.06.2015.

3.- Aprobación inicial, se procede, de expediente de modificación presupostaria nº 33/2015 por transferencia 13/2015 para gastos en guardería, colexio e campos de fútbol que non poden demorarse ata o exercizo seguinte.

4.- Mocións, propostas, escritos dos grupos políticos:

- Moción de Convergencia galega sobre recoñecemento a Andrés do Barro (R.E. 1883 de 17.08.2015)
- Escrito de Convergencia galega sobre o servizo de recollida de lixo (R.E. 1932/2015).
- Escrito de Convergencia galega sobre o agradecemento ao GES de A Guarda pola actuación do día 19.08.2015 en Loureza. (R.E. 1931/2015)

5.- Mocións de urxencia.

6.- Control ós órganos de goberno:

- Rogos e preguntas.
- Dación de conta de resolucións de alcaldía desde o último pleno ordinario.

SEGUNDO: Notificar a presente Resolución aos Sres. Concelleiros electos, advertíndo-lles que, conforme ao disposto, polo artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar ca antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir a citada sesión.



Concello de Oia

TERCEIRO: Ordenar se de publicidade a través de edicto no Taboleiro de Anuncios do concello á presente convocatoria.

Mándao e asíno en Oia a 24 de agosto de 2015, a Alcaldesa Presidenta, ante mín a Secretaria Xeral. Dou fe.

a Alcaldesa
Asdo. Rosa Otero Carballa

A Secretaria
Asdo. Maria Cabodevila Ros

*asinado dixitalmente á marxe